MEMORIA ECONÓMICO - FINANCEIRA DO ANTEPROXECTO DE LEY DE EMPRENDEMENTO DE GALICIA E DE LIBERALIZACIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

1. Antecedentes.

1.1 Introducción.

Constitúe o obxecto do anteproxecto a definición dun marco normativo específico que incentive a creación e implantación de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o seu posterior desenvolvemento mediante políticas públicas de promoción, protección, fomento e apoio da actividade emprendedora levaranse a cabo, atendendo aos seguintes principios informadores:

As políticas públicas de promoción, protección, fomento e apoio da actividade emprendedora levaranse a cabo, atendendo aos seguintes principios informadores.

a) Garantía da liberdade de establecemento e libre competencia no marco das disposicións da Unión Europea.
b) Protección da seguridade xurídica e da confianza lexítima, na salvagarda das razoables expectativas que poidan xurdir ao abeiro desta lei.
c) Simplificación administrativa, en especial no concernente ao inicio das actividades emprendedoras e para a creación de empresas, para a redución de trámites e requisitos, no marco da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, e da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
d) Coordinación das accións levadas a cabo polas diversas administracións e polos distintos departamentos e unidades administrativas, en consecuencia do carácter transversal das funcións públicas a favor das persoas emprendedoras.
e) Promoción e fomento da actividade emprendedora a través dos servizos de asesoramento e apoio ás persoas emprendedoras e dos incentivos para súa constitución e desenvolvemento.
f) Impulso do autoemprego, do emprendemento de base cooperativa, do emprendemento feminino, do asociacionismo e da colaboración empresarial.
g) Desenvolvemento dunha cultura empresarial da innovación e a internacionalización.
h) Promoción da cooperación económica empresarial, especialmente nos sectores estratéxicos da Comunidade Autónoma.
i) Consolidación temperá da actividade emprendedora, mediante accións que favorezan o fortalecemento das empresas.

1.2 Actuacións que regula a Lei.

As actuacións contidas na proposta normativa son xenéricas e se veñen imputando as aplicacións orzamentarias propias da Consellería de Economía e Industria e do IGAPE. A aprobación da lei non implicará diferenzas coa situación actual.

2. Estudo económico.

2.1 Obxectivo estratéxico.

Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial o espírito emprendedor e a innovación nas empresas

(Obxectivos estratéxicos 2.2 do Plan Estratéxico para Galicia 2010-2014 Horizonte 2020)

2.2 Obxectivos operativos.

2.2.1 Rede Galega Puntos de Activación Empresarial (PAE) para as Persoas Emprendedoras.
Indicador: Creación de alomenos un punto de activación empresarial en cada unha das sete cidades galegas
Prazo: Dependente da AGE, responsable da activación da Rede de PAEs.

2.2.2 Unidade Galicia Emprende. Rede de axentes de información, asesoramento e avaliación de proxectos de emprendemento.

Indicador: Creación de alomenos un axente da Unidade Galicia Emprende en cada unha das oficinas territoriais do IGAPE.

Prazo: dous meses a partir da entrada en vigor da Lei.

2.2.3 Consello Galego de Economía e Competitividade:
Indicador: Constitución no prazo dun mes a partir da entrada en vigor da lei

2.2.4 Rede Galega de Investidores Particulares de Apoio ao Emprendemento
Indicador: número de investidores particulares.
Prazo: setembro 2013

2.2.5 Posta en marcha de instrumentos de co-investimento público-privados e creación de fondos de investimento específicos con esta composición mixta.

Indicador: número de instrumentos ou fondos.

Prazo: a definir no plan cuadrienal de apoio ao emprendemento.

2.3 e 2.4 Custo e financiamento das actuacións anuais

As actuacións a desenvolver no ámbito da lei son realizadas a través do Igape (Instituto Galego de Promoción Económica) e XESGALICIA S.A (Sociedad Pública).

O Igape conta co Area de Competitividade no que se levan a cabo todalas actuacións en materia de emprendemento.

Para levar a cabo a Rede Galega de Puntos de Activación Empresarial para persoas Emprendedoras, a Unidade Galicia Emprende e a Rede Galega de Investidores/as Particulares de Apoio ao emprendemento, contémplase dentro de "servizos de apoio integral á PEME" un orzamento global no ano 2013 de 340.560 €, cunha posible asignación de 50.000 para a Unidade Galicia Emprende e a Rede de puntos de Activación Empresarial, 50.000 € para o portal emprendedor coa rede de viveiros e 20.000 para a Rede de Investidores.

Orgánica	Programa	Económica	Denominación	Código de proxecto	Mod. Financ.	Orzamento 2013
08.A1	741A	6406	Servizos de apoio integral á peme	2013 00008	Fondos propios /FSE	120.000 €

Instrumentos económicos de financiamento das persoas emprendedoras, segundo o artigo 9:

Programa de Emprendedores, que conta no ano 2013 cos créditos do seguinte cadro:

Orgánica	Programa	Económica	Denominación	Código de proxecto	Mod. Financ.	Orzamento 2013
08.A1	741A	7704	Apoios a proxectos emprendedores.	2013 00014	FEDER 2007-13	1.400.000,00 €

Orgánica	Programa	Económica	Denominación	Código de proxecto	Mod. Financ.	Orzamento 2013
08.A1	741A	7703	Microcréditos. A entidades	2013 00017	Fondos Propios	378.400,00 €

			financeiras e SGRs			

onvenio Igape-SGRs para habilitación dunha liña de microcréditos destinados ao emprendemento, xestionada neste caso pola Area de Financiamento do IGAPE:

EsEstas asignacións orzamentarias serán obxecto de continuidade nos vindeiros exercicios, en contías similares ou superiores en función da capacidade e da demanda na prestación de apoio e servizos.

As políticas activas no eido laboral e as políticas activas no eido educativo, dentro do marco do **Plan de Emprendemento no Sistema Educativo** está previsto que se presten coa participación do persoal da Area de Competitividade do IGAPE en colaboración co da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; pero tamén se dotará un conxunto de premios a proxectos emprendedores no sistema educativo, cunha dotación conxunta entre as dúas consellerías para o ano 2013 de 12.000 €, que, no seu caso serán obxecto de continuidade tamén en exercicios futuros.

As políticas de Apoio e promoción orientadas ao financiamenta a través de capital risco e préstamos participativos, son levadas a cabo a través de XESGALICIA .

A maioría dos fondos que xestiona XESGALICIA están orientadas a financiar proxectos emprendedores:

EMPRENDE, F.C.R. (constituído en 1999): apoio a empresas promovidas por novos emprendedores, de nova creación, con posibilidades de Desenvolvemento, e aquelas que leven a cabo actividades e/o apliquen novas tecnoloxías.

XES-INNOVA, F.C.R. (constituido en 2008): apoio a proxectos emprendedores, hasta su transformación en un proxecto empresarial atractivo con perspectiva de rentabilidade, que tiñan por obxecto a producción, investigación e desenvolvemento de todo tipo de actividades, preferentemente ideas vinculadas a innovación eas novas tecnoloxías en campos como a biotecnoloxía, as telecomunicacións, as energías renovables eo medioambiente, así como cualesquiera outras ideas vinculadas o desenvolvemento tecnolóxico.

XES-POSIBILITA 10, F.C.R. (constituido en 2010): apoio a proxectos empresarias levados a cabo por persoas con discapacidade.

FONDO TECNOLÓGICO I2C, F.C.R. (constituido en 2011): apoio a proxectos empresariales fundamentalmente de base tecnolóxica, que permitan á economía gallega la entrada en industrias con alto potencial de crecimiento, que permitan reactivar sectores que estando maduros resulten estratégicos para la economía gallega, que promuevan la transferencia de conocimiento / tecnología a toda la comunidad y el desarrollo de empresas de dimensión global/internacional.

Estos fondos financian proxectos levados a cabo por emprendedores por dous vías fundamentalmente:

- Participación temporal no capital das empresas obxectivo
- Otorgamiento de préstamos participativos nas empresas obxeticvo.

XESGALICIA creará un fondo específico de acompañamento á Lei: **FONDO DE CAPITAL RISCO 'GALICIA EMPRENDE'** cunha dotación inicial no ano 2013, non inferior a 2.000.000 €. A dotación definitiva poderá incrementarse en dependencia da aportación privada que se poida conquerir.

3. Memoria xustificativa.

3.1 Xustificación económica das actuacións. A actuación de planificación e programación da política de emprendemento a que ven obrigada a administración autonómica coma consecuencia da aprobación desta norma ten como fin mellorar a eficacia, a eficiencia e racionalización na asignación e no emprego dos recursos públicos o que implica maior rendabilidade e coma consecuencia menor gasto.

3.2 Táboa de vinculacións. Coma se ten indicado no número 2.3 as actuacións previstas non implican novos custos.

3.3 Financiamento orzamentario. As aplicacións orzamentarias que financiaran as actuacións son as propias da consellería de Industria.

3.4 Efectos das actuacións.
Tampouco experimentarán variación os obxectivos actualmente perseguidos a nivel de sección, servizo e programa.

4. Medidas tributarias.

4.1. Imposto sobre a renda das persoas físicas: Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento

Non se limita ao investimento directo senón que se amplía a outras fontes de financiamento empresarial (financiamento alleo) e ao outorgamento de garantías, co obxecto de facilitar o acceso ao crédito.

4.2.- Imposto sobre sucesións e sobre doazóns: Reducións pola adquisición de bens destinados á creación ou constitución dunha empresa ou negocio profesional

Ampliase o ámbito subxectivo, suprimíndose o límite de idade, e o obxectivo, incluíndo outros bens ou dereitos ademais do diñeiro, en atención á composición habitual dos caudais hereditarios e á gran variedade de produtos en que se materializan os investimentos financeiros e coa finalidade de que outros bens poidan quedar afectos a unha actividade empresarial.

4.3.- Imposto sobre o patrimonio: *Bonificación na cota do imposto*

O Imposto sobre o Patrimonio, sen esquecer os seus obxectivos tradicionais asume, ademais, outros obxectivos fundamentais como a consecución dunha maior eficacia na utilización dos patrimonios e a obtención dunha maior xustiza redistributiva complementaria da achegada polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Un dos obxectivos perseguidos polo actual Imposto sobre o Patrimonio consiste na busca dunha mellor coordinación do funcionamento das figuras tributarias que hoxe constitúen o grupo da imposición patrimonial. E n consecuencia, esta nova bonificación pretende completar a prevista no IRPF, a cal constitúe un requisito necesario para a súa aplicación.

4.4.- Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: Dedución na constitución e modificación de préstamos ou créditos hipotecarios e operacións de arrendamento financeiro, concedidos para o financiamento das adquisicións de local de negocios para a constitución dunha empresa ou negocio profesional.

Con esta modificación preténdese evitar a posible discriminación que podería producirse ao non se incluír as operacións de arrendamento financeiro inmobiliario nas deducións no imposto sobre AJD para a adquisición e constitución ou modificación de préstamos hipotecarios de locais de negocio para nova empresa ou negocio profesional.

O arrendamento financeiro constitúe a fórmula predilecta das empresas para abordar os seus investimentos empresariais en tanto que se adapta máis ás súas necesidades, e neste caso particular aos investimentos inmobiliarios, nas que comparte mercado cos préstamos hipotecarios.

O arrendamento financeiro ten por obxecto a cesión do uso de bens mobles ou inmobles adquiridos para a devandita finalidade, segundo as especificacións do futuro usuario, a cambio do aboamento periódico de cotas, incorporando ao final do período de arrendamento unha opción de compra de dito ben. É o único instrumento de financiamento que considera tanto o financiamento do 100%, como un maior prazo de

amortización - máis próximo á vida útil do ben-, permitindo ademais o fraccionamento do IV A en tantas cotas como o prazo pactado da operación.

Así mesmo, na súa contabilidade, os gastos financeiros de cada cota son considerados como gastos fiscalmente deducibles. Por último dispón do beneficio fiscal (crédito fiscal que se xera pola amortización acelerada do art. 115 do Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades).

É por todo o anterior que na actualidade, o arrendamento financeiro aparece como o medio máis óptimo para o novo rumbo da dinámica empresarial. Ante a crise financeira externa, que nos afecta como consecuencia da globalización dos mercados, así como ao estancamento do desenvolvemento económico interno, o cambio de modelo esixe o incremento do investimento en capital produtivo, para o que o leasing se presenta como instrumento idóneo.

4.5.- Normas procedementais: prezos medios de mercado

Introdúcese unha disposición adicional que aclara a normativa existente sobre prezos medios de mercado para a valoración de inmobles, distinguíndoo do medio consistente en ditame de peritos, cuxa natureza é distinta. Así, no caso de que o ben obxecto de valoración estivese dentro do ámbito obxectivo da orde que regula os prezos medios e non presente ningunha singularidade, ou presentándoa, esta tivese un coeficiente con parámetros na propia orde que adaptara o prezo medio a esta, a valoración non necesitará a presenza dun perito, podendo ser realizada polo propio órgano liquidador. No caso contrario, é dicir, aqueles bens que non entran dentro do ámbito obxectivo da orde, ou que entrando, presentan singularidades ás que non responde ningún coeficiente con parámetros na propia orde para corrixir o seu valor, faise necesaria a intervención facultativa e, polo tanto, o medio de comprobación axeitado será o ditame pericial.

4.6.- Impacto recadatorio estimado

MEDIDA AFECTADA	IMPACTO ANUAL
Imposto sobre a renda das persoas físicas: Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento	400.000 €
Imposto sobre sucesións e sobre doazóns: Reducións pola adquisición de bens destinados á creación ou constitución dunha empresa ou negocio profesional	*0 € (1)*
Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: Dedución na constitución e modificación de préstamos ou créditos hipotecarios e operacións de arrendamento financeiro, concedidos para o financiamento das adquisicións de local de negocios para a constitución	*0 € (2)*

dunha empresa ou negocio profesional.	
Imposto sobre o patrimonio: Bonificación na cota do imposto	804.000 (3)

(1) No estimación do impacto recadatorio realizado no seu día xa se considerou tanto a posible conversión en diñeiro doutros bens ou dereitos incluídos no caudal hereditario como a mesma conversión realizada en sé do donante. En consecuencia mantense a estimación realizado no seu día(2.500.000 €) para o conxunto do beneficio fiscal.

A estimación do impacto recadatorio ten un alto compoñente de incerteza xa que o existencia de doazóns depende da vontade das partes, sen que exista unha serie histórica fiable (xa que as doazóns de diñeiro teñen un considerable graa de fraude -non declaración-, especialmente en contías "reducidas") nin resulten de utilidade os indicadores macroeconómicos. A estimación baseouse no nº de beneficiarios da dedución galega en IRPF por fomento autoemprego (alta por primeira vez no IAE).

(2) Coa modificación agora proposta flexibilízase o acceso ao beneficio fiscal en canto á elección da fonte de financiamento. No entanto, o impacto recadatorio xa foi cuantificado na Lei de Orzamentos para 2013, considerándose un impacto de máximos baixo o suposto de que o financiamento da adquisición de locais comerciais realizariase na súa totalidade vía préstamos hipotecarios con obxecto de aproveitar o beneficio fiscal creado. En consecuencia mantense a estimación realizada no seu día (271.000 €) para o conxunto do beneficio fiscal.

(3) A estimación realizouse a partir da calculada para a dedución no IRPF, dada a vinculación entre ambos beneficios fiscais e o límite de dedución, e ponderando o numero de beneficiarios da dedución no IRPF considerado a distribución dos declarantes no IP 2011 en atención á base impoñible declarada (patrimonio susceptible de investimento).

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2013

O Secretario Xeral Técnico

Borja Verea Fraiz